

VAMPIROS
Orixinal de Doro Piñeiro

QUENES SOMOS

ELENCO

O`Meu Isidro Piñeiro
Administrativa Teté María José Iglesias
Intendente Raúl Alonso
Abogada Chori Rosario Alonso
Dona Alda, a Menca Eugenia García
Lexandra Violeta Fernández

FICHA TÉCNICA

Atrezo: Teatro ESCOITADE
Vestuario e maquillaxe: M^a José Iglesias
Iluminación: Manolo Costas
Son: Justo Piñeiro
Axudante de dirección: Quico Ramilo
Comunicación e xestión: Manolo Dasilva
Subdirección : Raúl Alonso
Dirección: Doro Piñeiro

NECESIDADES TÉCNICAS

Escenario: Boca: 6 m, Alto: 4 m, Fondo: 4 m
Potencia eléctrica: 6 Kw

CONTRATACIÓN

Duración: 60 minutos (aprox.)
Apta para público adulto

Teatro Escoitade

Centro Veciñal e Cultural de Valladares
Camiño do Pedregal, 6 Valladares | 36315 VIGO
TELF.: 986 467 053
CORREO-E: cvallada2@telefonica.net

Teatro ESCOITADE



Vampiros

"Os VAMPIROS non existen, mais habelos hainos"

Orixinal de Doro Piñeiro



POR QUÉ VAMPIROS

Imaxinar que nos topamos en xaneiro do 2023, un mes que comecei a sentir a calor no corpo, a vida, a miña como tal, tornou para mellor e vía que respiraba un pouco máis profundo. Tiña todo o tempo do mundo para darlle voltas ao máxín. Entón matinaba que eran momentos de mudanza da sociedade, unha sociedade movéndose cun todo vale para

asentarse arriba da fortaleza, onde cada un quer ser máis forte có do lado, máis interesante ca todos os que nos rodean, e polo tanto, máis rico que todos os ricos. Aí foi cando xurdiu VAMPIROS.

É evidente que vivimos momentos de desconcerto. Os poderes, moi ben establecidos, son os que nos arrastran a imitar as súas formas e as súas maneiras, ata que nos decatamos que nos levan ás profundidades da mesma miseria, a tal punto, que se nos descoidamos, nos chupan o sangue. Son estes os que nos observan por riba do lombo, os que nos precisan para mellorar as súas rendas, os que nos queren soamente para serlles útiles e servís. A dramaturxia de VAMPIROS foi rematada a finais de febreiro de 2023



PEZA EN CATRO CADROS

A actividade empresarial de O'Meu céntrase, básicamente, nos alugueres de vivendas. O individuo O'Meu non é unha persoa de estudos, mais é listo como un allo e posúe un "aque!" para levar o negocio como se nada. Ten unha boa secretaria, Teté. Xa entrada en anos, solteira e sen fillos é quen, ela soa, bota ao lombo, como se nada a actividade da súa empresa.

A secretaria Teté, lévalle a O'Meu o negocio ao pé de canón. El ten bos contactos no Concello, o Intendente Municipal arránxalle aquelas dificultades que se lle presentan a miúdo, como o de facilitarlle pola calada expedientes de sucumento contido por onde lle choven os cartos. A avogada Chori resólvelle as dificultades xurídicas e xudiciais nas operacións inmobiliarias tal como ocorre na operación de compra do edificio onde vive A MENCA e a súa neta LEXANDRA. Mais non todo é como semella.

